



APROL RURAL - 2023

Programa de fomento do emprego no medio rural

Subvencións para abordar accións de fomento de emprego a través da contratación de persoas traballadoras desempregadas para realizar tarefas de prevención de incendios (planificación preventiva, valorización forestal, silvicultura, limpeza de montes e xestión da biomasa)

Orzamento
7.000.000 €



Prazo aberto do
24 de xaneiro ao
23 de febreiro de
2023



Entidades beneficiarias

→ Concellos rurais sempre que dispoñan de capacidade técnica e de xestión suficiente para a execución dos correspondentes proxectos.

Considéranse concellos rurais todos os concellos de Galicia agás: Cambre, A Coruña, Culleredo, Ferrol, Narón, Oleiros, Santiago de Compostela, Lugo, Barbadás, Ourense, Poio, Pontevedra, Vigo.



Intensidade da axuda

→ A contía da axuda será a equivalente á necesaria para sufragar os custos laborais totais, na cantidade fixada para o salario no convenio colectivo vixente no momento da solicitude, por cada persoa traballadora desempregada contratada, segundo os seguintes importes máximos:

- Grupo de cotización 1 → 20.250 €
- Grupo de cotización 2 → 16.500 €
- Grupo de cotización 3 → 15.000 €
- Grupo de cotización 4 → 14.250 €
- Grupos de cotización entre o 5 e o 10 → 13.970 €

Acceso á ficha da sede electrónica



Pulsa para acceder

VR 230112023

→ Estes importes máximos incrementaranse nun 15 % no caso de que as contratacións se realicen nunha obra ou servizo solicitado conxuntamente en agrupación.



Requisitos das obras e servizos

- As obras ou servizos a executar polas persoas traballadoras desempregadas **deberán estar** relacionadas maioritariamente coa **prevención de incendios nas faixas secundarias** definidas pola Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, **como son a planificación preventiva, a valorización forestal, a silvicultura, a limpeza de montes e a xestión da biomasa e**, ademais:
- ✓ Que **as executen as entidades locais** en réxime de administración directa ou polos organismos, entes ou empresas públicas ás que se encomende a súa execución.
 - ✓ Que se **favoreza a formación e prácticas profesionais** das persoas desempregadas.
 - ✓ Que a entidade beneficiaria **dispoña de asignación orzamentaria suficiente para facerse cargo das partidas orzamentarias non subvencionadas.**
 - ✓ Que **a duración dos contratos** das persoas desempregadas que desenvolvan a prestación dos servizos **sexa de 9 meses e a xornada a tempo completo.**



Documentación complementaria

- Xunto coa solicitude (Anexo I), **deberase achegar:**
- ✓ **A memoria da obra ou servizo** que se vai realizar detallando a relación, por orde de preferencia e grupo de cotización e perfil, das persoas desempregadas a contratar.
 - ✓ **Certificado da secretaría do Concello** na que conste a representación que desempeña a persoa que asina a solicitude, a aprobación da solicitude da subvención, a disposición do financiamento non cuberto pola subvención e as retribucións salariais brutas mensuais por conceptos das persoas traballadoras, con referencia ao convenio colectivo e as táboas salariais vixentes de aplicación.
 - ✓ E, de ser o caso, **copia do convenio de colaboración**, se a solicitude se presenta en representación dunha agrupación de concellos e a memoria explicativa da prestación conxunta da obra ou servizo, indicando as achegas de organización, medios persoais, materiais e recursos financeiros correspondentes.



Procedemento de concesión

- A concesión das axudas **será en concorrencia non competitiva.**
- De entre as obras e **servizos farase unha selección, seguindo as seguintes regras:**
- ✓ Recibirán subvención **para catro contratacións os concellos fusionados que se sumen á iniciativa galega dos concellos emprendedores.**
 - ✓ Recibirán subvención **para tres contratacións os concellos fusionados.**
 - ✓ Recibirán subvención **para dúas contratacións todos os concellos que se sumen á iniciativa galega dos concellos emprendedores.**
 - ✓ Recibirán **un contrato os concellos rurais** non incluídos en ningunha das anteriores.
- Terminada a asignación dos contratos nas anteriores regras, **os contratos restantes adxudicaranse sucesivamente ata a finalización do crédito na proporción e na mesma orde que a indicada.**